

RESOLUCIÓN do 2 de setembro de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca a II Liga escolar de debate para centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2026/27

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principios do sistema educativo a equidade, a inclusión educativa, a igualdade de oportunidades, a atención personalizada ao alumnado, a educación para a convivencia, o respecto e mais a resolución pacífica dos conflitos. Así mesmo, inclúe entre os seus fins o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, a educación no exercicio da liberdade e da tolerancia e a adquisición das competencias necesarias para a aprendizaxe ao longo da vida.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, reforza o enfoque competencial do currículo e orienta a intervención educativa ao desenvolvemento integral do alumnado e á adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída ao remate do ensino básico.

En desenvolvemento deste marco normativo, o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, promove metodoloxías activas, o traballo interdisciplinario e mais o desenvolvemento da competencia dixital e da competencia en comunicación lingüística, favorecendo a capacidade do alumnado para aprender de maneira autónoma e crítica.

Neste contexto, a UNESCO impulsa o desenvolvemento da alfabetización mediática e informacional, que constitúe un elemento esencial para o desenvolvemento do pensamento crítico, o uso responsable da información e a participación activa nunha sociedade democrática. As bibliotecas escolares teñen un papel fundamental neste ámbito como espazos de aprendizaxe, acceso á información e desenvolvemento das múltiples alfabetizacións. Así mesmo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través do Plan de mellora de bibliotecas escolares e do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información, impulsa actuacións orientadas a fortalecer a competencia comunicativa, a competencia informacional e mediática e a capacidade do alumnado para localizar, seleccionar, avaliar e comunicar información de maneira crítica e responsable.

Neste marco de actuación, o debate educativo constitúe unha ferramenta de especial valor para o desenvolvemento das competencias clave, ao favorecer a comunicación oral, a argumentación fundamentada, o pensamento crítico, a procura e tratamento da información, o respecto á diversidade de opinións, a resolución dialogada dos conflitos e mais o traballo cooperativo. Alén diso, o debate constitúe unha práctica que favorece o desenvolvemento das destrezas comunicativas que o Marco común europeo de referencia para as linguas establece para a aprendizaxe de idiomas: a comprensión oral, a comprensión lectora, a interacción oral, a expresión oral e mesmo a expresión escrita.

En consecuencia, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional considera de interese promover unha liga de debate dirixida aos centros docentes, como actuación



educativa destinada a fomentar a competencia comunicativa, o pensamento crítico, a alfabetización mediática e informacional e os valores propios dunha cidadanía democrática.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE

Primeiro. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto convocar e establecer as bases para a realización da II Liga escolar de debate para centros públicos de ensino non universitario da comunidade autónoma de Galicia para o curso 2026/27.

Esta liga concíbese como un foro de discusión e diálogo que reforza as actuacións desenvolvidas nos centros educativos relacionadas co traballo da competencia en comunicación lingüística. Ten un carácter fundamentalmente formativo e non competitivo, xa que a preparación para o debate fai necesario o exercicio activo da expresión e a comprensión, tanto oral coma escrita, ao tempo que desenvolve o pensamento crítico, ofrecendo ao equipo docente unha ferramenta de grande utilidade para a formación integral do alumnado e para o desenvolvemento dos contidos de cada materia.

Segundo. *Destinatarios e ámbito de aplicación*

1. Esta convocatoria está destinada á participación dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, Consellería) que teñan, na súa oferta, 3º e 4º cursos de educación secundaria obrigatoria (ESO).
2. Poderán participar un máximo de 15 centros.
3. Cada centro poderá participar cunha única candidatura dun equipo de debate, formado por 4 estudantes procedentes do alumnado de 3º da ESO, de 4º da ESO ou con alumnado combinado de ambos os niveis, garantindo sempre que sexa posible a diversidade de xénero na súa composición. Os centros deberán ter tamén dous alumnos ou alumnas que poidan exercer de suplentes do alumnado titular se fose necesario.

Terceiro. *Desenvolvemento da II Liga escolar de debate*

1. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (en diante, Dirección Xeral) establecerá as instrucións necesarias para a organización e o desenvolvemento da II Liga escolar de debate nos aspectos que non queden previstos na presente resolución.



2. O regulamento, o calendario, as sedes, os horarios dos debates e demais información de interese publicaranse no portal da Asesoría de Bibliotecas Escolares, no enderezo <https://bibliotecas.edu.xunta.gal/programas-e-concursos/liga-escolar-de-debate>, con antelación suficiente para garantir a súa adecuada difusión entre os centros participantes.
3. Os debates desenvolveranse integramente en lingua galega.
4. As distintas fases de debate levaranse a cabo, preferentemente, de xeito presencial e en horario lectivo.
5. O incumprimento das condicións de participación establecidas nesta resolución, no regulamento ou nas instrucións de desenvolvemento poderá dar lugar á exclusión do equipo participante.

Cuarto. *Presentación de solicitudes*

1. Presentación de solicitudes

- a. Os centros docentes deberán presentar a solicitude completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación informática ProgramasEducativos, a través da ligazón <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos>. Unha vez dentro, seleccionárase a opción "Programas de éxito educativo" da pestana "Aplicativo"; a continuación, a convocatoria 2026/27 e, finalmente, o programa "II Liga escolar de debate".
- b. A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen teña o permiso para presentación da solicitude na devandita aplicación. O documento xerado por esta aplicación que recolla a solicitude non ten que remitirse por outra vía, senón que será custodiado no centro como xustificante.
- c. Na solicitude indicárase a motivación para participar na *II Liga escolar de debate*, que se cubrirá no campo "Xustificación e motivación".

2. Prazo de presentación

- a. O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución ata o **23 de setembro de 2026**.

3. Emenda de solicitudes

- a. Unha vez presentada a solicitude, esta examínase para comprobar que reúne os requisitos esixidos e que vai acompañada da documentación preceptiva. No caso contrario, requírase ao centro solicitante que, no prazo de 5 días hábiles, emende os datos necesarios, coa advertencia de que, de non facelo, se dará por desistida a súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b. Para os efectos previstos neste apartado, considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.



4. Outros aspectos procedimentais

- a. Previamente á presentación da solicitude de participación na *II Liga escolar de debate*, a dirección do centro deberá informar o claustro de profesorado e contar coa aprobación do Consello Escolar, de acordo coas súas competencias.
- b. A Dirección Xeral poderá requirir do centro solicitante todas aquelas aclaracións que considere necesarias para completar o expediente, así como realizar as comprobacións oportunas dos datos achegados.

Quinto. Criterios de selección

1. As prazas asignaranse por rigorosa orde de inscrición.
2. No caso de que o número de inscricións supere o de prazas dispoñibles, darase prioridade aos centros que non participaron na convocatoria do curso 2025/26.
3. De quedaren prazas vacantes como consecuencia de renuncias, estas serán adxudicadas seguindo igualmente a rigorosa orde de inscrición.
4. Quedarán excluídos da solicitude os centros que incumprisen as normas ou non comparecesen nos debates da convocatoria anterior

Sexto. Órganos competentes e resolución

1. O órgano instructor do procedemento será o Servizo de Innovación e Programas Educativos, dependente da Dirección Xeral.
2. De acordo cos criterios de selección establecidos, o órgano instructor, unha vez examinadas as solicitudes presentadas e realizado, de ser o caso, o trámite de emenda, emitirá unha resolución provisional na que se incluírá a relación de centros provisionalmente seleccionados e a de centros suplentes para participar na II Liga escolar de debate. Esta resolución provisional publicárase no portal educativo desta Consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).
3. Logo da publicación da resolución provisional abrírase un prazo de 5 días hábiles para efectuar renuncias ante o órgano instructor. As renuncias dirixíranse á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e presentárase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica normalizado (código PR004A), que se deberá identificar coa denominación "Liga escolar de debate". Para a súa presentación poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).
4. Para os efectos de axilizar o proceso, enviarase copia das renuncias ao enderezo electrónico ligadebate@edu.xunta.gal, identificada coa denominación "Liga escolar de debate".



5. Unha vez transcorrido o prazo sinalado, o órgano instructor analizará as renuncias presentadas e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral, quen ditará a resolución definitiva coa a listaxe de centros definitivamente seleccionados e de centros suplentes. As renuncias presentadas entenderanse aceptadas coa publicación desta resolución definitiva, que se publicará no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal>).

6. Contra esa resolución, que non esgotará a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Portal Educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Sétimo. *Compromisos dos centros participantes*

Os centros educativos seleccionados para participaren na II Liga escolar de debate asumirán os seguintes compromisos:

- a. Integrar a participación do programa na programación xeral anual (PXA). Se esta xa estivese aprobada, incorporárase a correspondente modificación ou addenda.
- b. Designar unha persoa coordinadora e constituír o equipo de dinamización previsto nesta resolución.
- c. Favorecer a participación voluntaria do profesorado e facilitar a organización e o desenvolvemento das actuacións previstas no programa.
- d. Garantir a participación do profesorado implicado nas actividades de información, formación, coordinación e difusión convocadas polo centro ou pola Consellería.
- e. Difundir o programa entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- f. Realizar a avaliación da participación no programa e dos resultados obtidos, incluíndo a valoración do alumnado e do profesorado participante.

Oitavo. *Equipo de dinamización*

1. Para o desenvolvemento da II Liga escolar de debate, a dirección do centro educativo, no exercicio da súa autonomía organizativa e en función das súas características e tipoloxía, constituirá un equipo de profesorado encargado da dinamización do programa. Este equipo estará integrado por unha persoa coordinadora e poderá contar, ademais, cun máximo de dúas persoas docentes de apoio.

2. A persoa coordinadora pertencerá, preferentemente, a algún dos departamentos responsables das materias vinculadas co desenvolvemento das competencias lingüísticas e comunicativas do



alumnado: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Latín, Grego, Inglés, Segunda Lingua Estranxeira, Xeografía e Historia, Cultura Clásica, Oratoria, Filosofía, Educación en Valores Cívicos e Éticos ou Proxecto Competencial.

3. O profesorado de apoio poderá pertencer a calquera departamento do centro, aínda que se procurará que estean representados distintos departamentos. No caso de a persoa coordinadora non pertencer a un departamento de linguas, recoméndase que haxa unha persoa docente deste ámbito no equipo sempre que sexa posible.

4. Corresponden á persoa coordinadora as seguintes funcións:

- a. Coordinar o equipo de dinamización.
- b. Diseñar, xunto co profesorado de apoio, o proxecto de participación do centro.
- c. Coordinar o desenvolvemento das actuacións previstas.
- d. Formar, coa colaboración do profesorado de apoio, o alumnado participante en técnicas de debate, e ofrecerlle os coñecementos necesarios sobre os temas e ámbitos da sociedade que se propoñan ao longo das fases da liga co fin de que as e os estudantes amplíen a súa bagaxe cultural e poidan participar con solvencia nos debates.
- e. Facilitar ao alumnado participante e ás súas familias a documentación necesaria para a participación na actividade, incluídas as autorizacións que resulten preceptivas.
- f. Facer o seguimento da participación do centro na liga, avaliar o desenvolvemento do programa e difundir as actuacións realizadas na comunidade educativa.
- g. Asistir ás actividades de formación, ás xornadas de debate e ás reunións de coordinación convocadas pola Consellería.

5. Corresponde ao profesorado de apoio colaborar coa persoa coordinadora:

- a. No deseño e desenvolvemento do proxecto de participación do centro.
- b. Na preparación do alumnado participante en técnicas de debate, argumentación, procura, análise e tratamento da información.
- c. No seguimento das actividades e no desenvolvemento das actuacións necesarias para a correcta execución do programa.
- d. Asistir ás actividades de formación e ás xornadas de debate convocadas pola Consellería.

Noveno. Actuacións da administración educativa

A Consellería desenvolverá as seguintes actuacións para favorecer o desenvolvemento desta actividade:

1. Apoio e asesoramento aos centros docentes participantes a través dunha mentoría específica, co obxectivo de garantir o bo desenvolvemento da Liga escolar de debate.



2. Formación especializada ao profesorado coordinador e mais ao profesorado implicado, co fin de optimizar a súa implicación e mellorar o rendemento da actividade.
3. Difusión das boas prácticas en debate escolar, facendo especial incidencia en estratexias pedagógicas que favorezan a participación activa do alumnado, a súa capacidade argumentativa e o desenvolvemento de habilidades críticas no marco do debate.
4. A Consellería, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá dotar os centros cunha asignación económica.

Décimo. *Certificación*

1. A Consellería, unha vez cumpridos os requisitos establecidos nesta resolución, certificará a participación do profesorado do centro, como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado no caso das persoas docentes de apoio e de 30 horas de formación permanente do profesorado no caso da persoa coordinadora.
2. As persoas asistentes á formación específica da II Liga escolar de debate recibirán un certificado correspondente a 8 horas de formación permanente do profesorado.

Décimo primeiro. *Autorizacións*

1. Os centros educativos seleccionados solicitarán ás persoas proxenitoras ou titoras legais do alumnado menor de idade, segundo o modelo que se lles facilite, as autorizacións necesarias para a participación na actividade. Igualmente, solicitarán autorización para a gravación e posterior difusión das imaxes e da voz, que será asinada polo alumnado maior de 14 anos ou polas persoas proxenitoras ou titoras legais no caso de alumnado de idade inferior.
2. Estas autorizacións custodiaranse no centro educativo.

Décimo segundo. *Datos de carácter persoal*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia



ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo terceiro. *Aceptación das bases*

A participación na II Liga escolar de debate implica a aceptación das bases reguladas nesta resolución, do regulamento e mais das instrucións que dite a Dirección Xeral para o seu desenvolvemento.

Décimo cuarto. *Eficacia*

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<https://www.edu.xunta.gal/portal>).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

